

MANDIANES, Manuel (2014): *Viaxe sen retorno*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, 180 pp.

Representar o drama da emigración fuxindo de estereotipos e poñendo en palabras as emocións.

É a intención que se revela no ensaio do antropólogo Manuel Mandianes *Viaxe sen retorno*, resultado dunha investigación realizada durante máis de 10 anos nos que escoitou en primeira persoa as voces da emigración. Froito dese estudo son as testemuñas compiladas nunha obra que nos ofrece unha visión accesible e humanizada do fenómeno migratorio; unha perspectiva que é antropolóxica e ao mesmo tempo persoal, xa que o propio autor foi emigrante e, por tanto, protagonista tamén das historias que el mesmo escoitou.

Mais *Viaxe sen retorno* non é unha amalgama de datos e estatísticas sobre as persoas emigradas. Moi ao contrario, é unha obra que salienta pola súa humanidade, xa que ao longo do estudo cobran importancia as vivencias das persoas narradas por elas mesmas; experiencias que salpican todo o texto ao tempo que o autor intercala reflexións, metáforas, mitos e referencias que axudan ao lector a contextualizar moitas das inquedanzas que compoñen o universo de calquera ser humano.

O ensaio está estruturado en cinco capítulos, como as fases polas que, segundo Mandianes, transita o emigrante desde que inicia o seu periplo: Na procura do paraíso, A descuberta, O encontro, Adaptación e Paraíso perdido. Así, en cada etapa iremos vendo como evolucionan os sentimentos, desde a esperanza ata o desacougo; desde a ilusión ata a decepción; desde a adaptación ata o desarraigo; desde a valentía ata o arrepentimento, entre moitos máis.

O primeiro capítulo está dedicado á motivación inicial do emigrante para tomar a decisión, normalmente pouco meditada, de marchar: a procura dunha vida mellor. Mais non é

consciente de que a súa busca é interna, xa que en realidade vai á procura de si mesmo. Factores como a necesidade, a inxenuidade ou a falta de información levan á persoa a emprender un camiño descoñecido que demasiadas veces se revela cruel. Unhas referencias do autor á barca de Caronte, ao paso dos israelitas polo Mar Vermello ou ás viaxes do apóstolo Santiago e San Brandán, entre outros exemplos, lémbrennos o carácter itinerante de persoas e pobos, sempre en busca de algo distinto, de algo mellor, dun paraíso quizais máis soñado que real.

No segundo capítulo prodúcese a descuberta dese paraíso idealizado. O encontro convértese nun choque brutal entre culturas e o emigrante atópase só, ou peor aínda: consigo mesmo. Aparece a ruptura, a separación das raíces, a dureza dunha nova realidade. Por iso a persoa negocia a súa provisionalidade: só está de paso e axiña ha de volver. Ao mesmo tempo, xorden emocións descontroladas como o desprezo polo pasado ou a vergonza de ter quedado tanto tempo, mentres se busca acougo en igrexas, mesquitas, asociacións ou locutorios, que fan de nexo co pasado. Os emigrantes non poden coas cargas que deixan atrás, e desa forma non están en ningures. É unha etapa de contradición pura, como ilustra Mandianes con varios exemplos: hai pais sen fillos, avós sen netos, xente sen mortos ou xente sen lingua nin tradición.

O encontro é o tema tratado no terceiro capítulo. Nesta etapa, a identidade vese ameazada, revólvese no interior do individuo e este achégase a posturas radicais ou fanáticas nun intento de procurar para si unha personalidade que o fortaleza ante a incerteza e a inseguridade. A persoa accede aos novos costumes do lugar de destino pero non é quen de adaptarse,

e aínda que o intente, o crecemento do individualismo na sociedade actual vén empeorar a súa situación: xa non hai sociedade. Ante o baleiro social, e nun intento de atopar unha identidade, aparecen alternativas de filiación ás que se acolle, unha vez queda clara a imposibilidade da integración: seitas, maras, xihadismo e outros tipos de adoutramento adoitan cubrir esa función de pertenza que lle foi negada. Mandianes tamén relata outros casos nos que os emigrantes son vítimas de redes de narcotráfico, prostitución, mendicidade organizada e outras mafias, que non fan senón incrementar o elevado prezo da emigración.

No cuarto capítulo, que o autor dedica á adaptación, aparece a negociación co propio ser. Unha vez evidenciado o desarraigo, acomodarse ao que toca vivir parece a opción menos traumática. Pero onde queda a identidade? Neste punto, o emigrante enfróntase á convivencia coa alteridade, pero aínda que lle permite coñecer a outros e reforzar o seu propio coñecemento, parece que vén poñer en risco a súa personalidade debilitada. É preciso saber xestionar as diferenzas sen facer xuízos de valor; pero esta tarefa resulta moi complicada, sobre todo ante a avalancha do discurso multicultural predominante que, segundo critica o autor, fomenta que prevalezan todas as culturas á vez integradas unhas noutras, o cal é insostible. Eliminar as diferenzas é faltar á realidade. Integrarse implica desaparecer. E negar as dificultades mediante a súa homoxeneización anula a capacidade de traballar a tolerancia.

A constatación de que o paraíso non existe é o fío do último capítulo. A presión da temporalidade xa resulta insoportable para unha persoa que vive en ruptura coa terra natal. Ante a decepción, o emigrante pensa no regreso, sabendo que volver é enfrontarse a unha nova emigración; pero o posible retorno é a súa única esperanza e aférrase a ela cunha mestura de nostalxia e desesperación. Mais, cal é o destino da xente sen patria e sen identidade? A onde han volver, se o pasado só persiste na memoria e na imaxinación? Contan algunhas testemuñas que en realidade a provisionalidade é o único definitivo que coñeceron nas súas vidas.

Viaxe sen retorno escenifica con claridade as consecuencias da emigración, que apuntan, en maior ou menor medida, nunha única

dirección: a permanente división interna da persoa emigrada; unha condición que non é natural para o individuo (do latín *individuus*, “indivisible”), que vive nunha escisión crónica que con gran probabilidade afectará tamén ás seguintes xeracións. Así, a inadaptación, a falta de pertenza e a sensación de non ser nin de aquí nin de alí seguirán manifestándose na súa descendencia, mentres a propia persoa e a sociedade seguirán sen comprender nin as causas nin as consecuencias desta situación.

Afirma Mandianes que emigrar é ser estranxeiro no lugar de destino e estranxeiro na patria tamén. Constata que “o emigrante está sempre en camiño”, pero advirte que emigrar non é algo tan simple como percorrer o mundo e integrarse na súa diversidade. Emigrar é un drama. E achegarse á emigración é un proceso complexo que debe tratarse con respecto, sen incorrer en comparacións e conclusións superficiais que non fan xustiza (e ademais prexudican) ás persoas involucradas.

O autor reprende aos que din que o emigrante é un viaxeiro na procura de oportunidades. Lembra que o que emigra non decide explorar o mundo con liberdade, senón que escapa dunha situación de presión causada pola necesidade económica, a desconformidade política ou o fastío vital, entre outros aspectos. Unha fuxida, en calquera caso, do que incomoda ao ser. Non obstante, indica que a oportunidade existe e leva a unha transformación interna, mais o individuo decidirá se vai ser máis ou menos traumática.

A principal achega deste ensaio é a súa humanidade e o seu carácter global, aplicable á realidade universal. Con gran sensibilidade, o autor racionaliza o que as persoas senten pero non son quen de expresar, nunha catarse colectiva cuxo efecto quizais tamén o alcance a el. Chamar as cousas polo seu nome contribúe a poñer luz á escuridade da mente atormentada. E poñer en palabras o sentir común canaliza os procesos e libera as emocións.

Din que a emigración é unha viaxe sen retorno. E debe de ser certo, porque o que marcha, marcha de si mesmo para sempre.

María Jesús PIÑEIRO DOMÍNGUEZ
Universiad Complutense de Madrid
mariajpi@ucm.es